

RECORDOS DUN PORVIR + GATOS PENDURADOS 1654

Chris Marker

ESTREA EN NUMAX: 23.12.2025 | V.O.S.E.

RECORDOS DUN PORVIR (42 min, 2001)

A través dunha narrativa composta por fotos fixas, Recordos dun porvir é un ensaio visual que fusiona memoria e historia a través das fotos de Denise Bellon, explorando o surrealismo e os presaxios do século XX.

GATOS PENDURADOS (59 min, 2003)

Tras o 11 de setembro, un gato amarelo debuxado comeza a aparecer nos muros de París, observando a cidade cun enigmático sorriso. Intrigado por esta figura, Chris Marker emprende unha viaxe visual e reflexiva a través da capital francesa, explorando a arte urbana, as protestas sociais e o estado do mundo nun tempo de incerteza. Gatos pendurados é unha meditación poética sobre a memoria colectiva, a resistencia e a beleza inesperada en medio do caos.



Unha conspiración benévola

Por Rubén García López

Este M. Chat, ben o sabemos, chove en realidade sobre mollado na obra de Marker, abundante en miradas benévolas de gatos ou curuxas, e que afirma ter a pantasma do gato Guillaume-en-Égypte como constante colaborador. Hai máis gatos, pois, en *Gatos pendurados*, e máis animais, mesmo en museos ou carteis. Pero o rango amplíase a varios humanos: rostros singulares, femininos case sempre, nas rúas, o metro, as manifestacións... Moitos miran a cámara, de bo grado ou incomodidade, algunhas destas miradas duran un simple fotograma como a da muller de Guiné-Bissau en *Sans soleil* (1983). *Gatos pendurados* ten moito de celebración da presenza daquilo que simplemente agrada, que gusta ver, da intrascendencia ao máis puro estilo dun Jonas Mekas, e como nel, a transcendencia específica da proposta radica niso: alguén converteu en grafiti a un gato e a súa presenza nas paredes de París semella un ritual de protección e resistencia baixo cuxo signo medra a actividade dos manifestantes, o ánimo necesario para saír dos traballos, as casas ou os colexios e esixir transformacións dunha realidade tida por inxusta.

A alegría do gato reencóntrase nos manifestantes, toda unha comunidade de rostros, xestos, cantos, movementos, feitos e presenzas intranscendentes, sen importancia, mostrando con todo resistencia ao devir da historia entre cuxas liñas se sitúan. Non debe esquecerse a presentación do gato na película, como figurado anfitrión dun *flashmob* sen contido político evidente, unha especie de ritual ou acto poético. É o mellor modo de mostrar que nas manifestacións que mostra Marker no se canta xa certa protesta —que tamén, abonda comparar o trato que dispensa ás manifestacións máis dereitistas— senón a súa actividade mesma, o entusiasmo, valla dicir, activista, e afirmase que o que aquí se pon en marcha é o exercicio mesmo diso que polo menos o autor pode ver nos rostros de moitas mulleres, homes, nenos, animais, músicas, obras de arte...

Todo moi abstracto, pódese obxectar (a Marker ou a min), e posiblemente con razón. *Gatos pendurados* sería como un deses discursos vitalistas que moven á acción máis coa súa defensa da ledicia que lle é inherente que coa crítica ás condicións que motivan as protestas, aínda que tampouco se deixe de facer isto. Podería ser que nun tempo onde (certas) ideoloxías e utopías foron expulsados do campo do pensable ou concibible, e que se postula como punto final que non admite máis mellora que a reforma, que non concibe propiamente a novidade salvo como categoría útil no campo da propaganda, ante a consecuente vitoria das paixóns tristes que comporta isto haxa que impulsar outras vías para espertar as alegres, acudindo con forza a todo aquilo que sirva a tal obxecto.

E tamén podería ser que tampouco esteamos tan lonxe do “culto” francés ao concepto de acontecemento, rodeado ás veces de tantos atributos máxicos que case se diría milagre, e fillo en boa medida da conxunción da progresiva distancia do mitificado Maio do 68 e a crecente imposibilidade dunha revolución. Pero a este respecto habería de facer un matiz: se en boa parte do cinema post-maio 68 o acontecemento é aquilo que está detrás, en *Gatos pendurados* xa non é así, e se hai un está diante. As imaxes trucadas para parecer antigas dan fe de que o pasado se aparece sobre todo aos ollos de Marker, o protagonista —que cumpriu 80 anos o 2001, no mesmo mes (xullo) que o célebre contraccumio de Xénova, e pouco antes do comezo da película—. Unha manifestación, en realidade, busca un acontecemento futuro: que as tropas estadounidenses lisquen de Iraq, que Raffarin dimita, que se recoñezan os dereitos dos sen papeis. Unhas veces hai éxito, outras non.